

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 28/11/1978**

**Colección:**

**Data:** 28/11/1978

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

**Destino:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Destino:**

Montevideo, 1985, 13º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita con firma autógrafa e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 211562 / Vigo

**Temáticas:**

*A galecidade na obra de Guimarães Rosa; Cen Chaves de Sombra;* Artes; Asuntos particulares; El País; Literatura; Medios de comunicación; Prensa escrita;

**Mencionados:**

Álvaro Cunqueiro; Isaac Díaz Pardo; Rafael Dieste; Francisco Fernández del Riego; Marika Gerstein; Carlos Gurméndez; Carmen Muñoz Manzano; Alfonso Paz-Andrade; Lala de Prada; Pilar Rodríguez de Prada; Lorenzo Varela;

---

## **Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 28/11/1978**

Vigo, a 28 de Novembro de 1978

Sr. Don  
LUIS SEOANE  
Montevideo, 1985  
BUENOS AIRES (R. ARGENTINA)

Queridos Maruxa e Luis:

Chego axiña de Madrid. Alá fora ao recibir a mala nova do pasamento de Lorenzo Varela. Eu tería sempre de recibir con abraiante pancada semellante mala nova. Mais n-estes dous anos derradeiros, viña sostendo con o noso inesquecente amigo estreita convivencia. Nas miñas viaxes, agora tan amiudo, ao embigo da meseta, sempre compartíamos algunhas horas. Inesquecentes horas, pois si ben o seu corazón debía estar feito unha peneira, a súa mente tiña a hiperlucidez dos que xa levan a morte acochada no soma. N-este caso no seu grande grandeiro corazón.

A primeiros de mes fixen unha viaxe ao Canadá, formando parte d-unha embaixada de parlamentarios. Tanto denantes como despois de tomar e deixar o avión tentei falar con Lorenzo. Marika foi a que contestou sempre decindo que se atopaba na cama engripado. Falsa imaxe, da que días despois –eu xa me atopaba en Vigo–, se considerou liberado.

No día da morte –madrugada do 25– consentiu ao fin que se chamara a un médico. Marika e Lala –que se atopaba facendolle compañía– chamaron a unha clínica para o levar. Na ambulancia, denantes de ser ingresado, deixou de alentar. Foi obxecto de autopsia. Os médicos certificaron infarto múltiple. Outro calquera, que non fora Lorenzo, tería dado aos avisos unha interpretación mais real. Aquela mente tan lucidamente construída, funcionou como tal sempre, até chegar ao profético, menos para sí e na hora decisiva.

Isaac foi quen nos avisou da desgracia. Despois chamóume Carlos Gurmendez. Carlos tiñalle encargado un artigo para El País sobre o meu derradeiro libro, A Galecidade na Obra de Guimarães Rosa. Compuxo un verdadeiro ensaio en tres folios. O derradeiro aínda ficaba na máquina. E un traballo fondo, fermoso, e penetrante, como canto íl facía. Denantes escribira un poema, –profético poema–, que despois substituíu por un limiar en prosa, para Cen Chaves de Sombra. Un libro de poemas meus que está no prelo. O título tamen foi escollido por íl. E todo o que escribiu, ademais d-un artigo en Informaciones, desde a súa volta a España. Supoño que aparte algunhas traducións para editoriais.

Marika asegura que ten mais obras ineditas. Conviñemos que entregará todol-os orixinaes a Dieste, que tamen se desplazou con Carmen a Madrid, para o enterro. Cando caían as derradeiras paladas de terra sobre o cadaleito, abrazouse a min e botou a chorar. A Rafael me refiro.

Isaac tirou algunhas fotos, c-unha máquina que mercou no intre. Tomou boa nota da numeración da sepultura, pois algún día teremos de resgatar os restos para Terra galega. Esta é unha fonda door adicional co-a que eu fico. O buraco dos mortos onde está e para cinco prazas. Fai o terceiro desde enriba. Cando me din conta de semellante drama macabro xa era tarde. O camposanto da Almudena funciona con unha mecánica rixida e deshumanizada que pon os cabelos tesos. Temos –ou teredes os que vivades– que resgatar para chan galego os restos do noso compañeiro, frustrado no mellor da súa maturidade mental. Foi unha pena que o fillo de Marika non ordeara a tempo a compra d-un nicho autónomo. O rapaz pol-o demais portouse con grande afervoamento car-a a Lorenzo, no que perdeu o seu mellor conselleiro.

Non teño agora tempo nin folgo pra mais. Cunqueiro ten a idea, compartida por Paco del Riego, de adicar in memoriam a páxina literaria do Faro de Vigo, o domingo que ven ou o seguinte.

Lembranzas de Pilar e Alfonso, e longas apertas arrochadas de,

Valentín

[Manuscrito:]

Queridos Maruja y Luis

Como Valentín dice, la muerte de Lorenzo nos dejó a todos impresionados, yo particularmente le tenía un gran afecto, además de su inteligencia, era de una gran finura. Lo traté poco, pero lo quería mucho. Marika me da mucha pena. Hoy le escribiré, no pude ir a darle un abrazo, por tener con nosotros al nieto, y ahora sin Antonia la cosa es más complicada.

Un fuerte abrazo de

M<sup>a</sup> Pilar

[Anexo]

[Mecanografiado.]

HOMENAXE CATIVO A  
VALENTÍN PAZ-ANDRADE

Non sei porqué:

Xílgaros.

Van e veñen,

non sei porqué:

Xílgaros.

Xílgaros que van e veñen

sobor do vento mareiro

do mar de Vigo.

Gaivotas.

Non sei porqué.

Branças gaivotas azúis

sobor do mar de Vigo.

Non sei porqué.

Non sei porqué, meu amigo.

Tantos anos de sangue prestada que ninguén pagará.

De camelias nos pazos,

de ledos toxos ferintes.

E tí e mais eu, meu amigo,

dándolle cada día a morte a sua ración.

Lorenzo Varela

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.